Toma a palabra o Sr. D. Miguel Ángel López Varela sinalando que están a favor de que o funcionamento da gardería se inicie canto antes, pero están en desacordo coa elección do Licenciado en Educación Infantil, posto que foi feita directamente polo Sr. Alcalde. Opina que a maneira máis axeitada sería mediante unha comisión de selección con representación dos demais grupos municipais.

Intervén a continuación o Sr. Arcadio Lombao Román e di que a gardería xa debería estar en funcionamento e apoia a proposta de crear unha comisión, pero para o estudo da incorporación ó consorcio da rede Galescolas de Galicia, como xa propuxeron en outras mocións en diferentes datas, xa que desta maneira o Concello sairía mellor parado e podería ter máis axudas.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Responde o Sr. Pardo Lombao sinalando que, se se vai a formar unha comisión, de entrada, non se lle vai a poñer ningún condicionante, non se vai a crear, para logo dicirille o que ten que facer, posto que entón non sería necesaria.

En canto á elección dun Licenciado en Educación Infantil, a lei reguladora das bases de réxime local outórgalle ao alcalde a competencia para realizar a mesma, e a lexislación está para cumprila. Cada órgano dunha institución ten as súas funcións e el non vai deixar de cumprir as súas.

Afirma o Sr. Alcalde, que por parte dos grupos da oposición son moi dados a propoñer segundo sexa o caso: se gobernan, que as decisións as tome o alcalde e se non gobernan, as decisións que as tomen tódolos grupos políticos. Engade que ó alcalde a lexislación lle atribúe unhas competencias e estas son dadas polos cidadáns a través dos votos.

En resposta á intervención do voceiro do BNG, D. José Pardo Lombao di que para que a gardería estivese xa funcionando, os representantes do seu partido na Xunta de Galicia terían que ter concedida unha subvención para o mobiliario e outros compoñentes do edificio, xa que a subvención foi solicitada polo concello fai un ano e non recibiron resposta.

Opina o Sr. Alcalde, en relación coa proposta de adherirse ó consorcio da rede Galescolas, que o BNG esta seguindo unha liña de imposición e que non vai permitir que ningunha administración ideoloxice aos fillos dos cidadáns do Concello, para iso están as familias. Engade que se estudará a integración no consorcio sempre que crean que é bo para o concello e para as familias, pero non vai permitir que a Xunta lles diga o que teñen que facer.

Pregúntase o Sr. Alcalde se a Xunta asumirá ou non a responsabilidade de repartir o diñeiro con tódolos concellos, posto que o diñeiro que sae de calquera Consellería da Xunta é de tódolos Galegos e de tódolos concellos de Galicia. Afirma o Sr. Pardo Lombao que cando a Xunta de Galicia pide que un concello se asocie a algún programa, este decide se quere ou non asociarse, sen que sexa unha imposición, e debería ter o mesmo tratamento económico en ámbolos dous casos.

Considera o Sr. Pardo Lombao que teñen unha autonomía política que deben poñer en práctica, xa que é o que os cidadáns lles encargaron, e non van a desistir nunca desa responsabilidade. Engade que custou moito conseguir a democracia neste país, como para perdela agora porque unhas persoas, que non gañaron as eleccións, crean que poden impoñer as súas ideas.

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, dicindo que os concellos de tódalas grandes cidades de Galicia están adheridos ó consorcio excepto un, así como moitos concellos nos que goberna o PP e o PSdG-PSOE. Pregúntalle ó Sr. Pardo Lombao se dende o seu punto de vista, lle parece que están equivocados, e di que non entende que diferenza hai entre o Concello de Outeiro de Rei e calquera de estes concellos que se adheriron a rede Galescolas.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Pregúntalle tamén ó Sr. Alcalde cal é o problema que ten coa ideoloxía, se o problema é que na rede Galescolas se lles fale galego aos nenos ou da súa cultura propia. Engade a continuación que tódolos alí presentes naceron en Galicia e falan galego toda a vida, e que lle da a impresión de que o Sr. Pardo Lombao ten algún complexo co galego. Nas Galescolas o que se vai a falar é o galego posto que é a lingua propia de Galicia.

Afirma o Sr. Arcadio que cando na Xunta de Galicia gobernaba o PP, o Sr. Alcalde non tiña este tipo de problemas coa administración, e non entende porque está privando aos veciños de Outeiro de Rei dun servizo de gardería uniformado e que cumpra uns mínimos requisitos, xa que iso xa podía estar funcionando.

Toma a palabra o veceiro do grupo do PSdG-PSOE e sinala que así como unha lexislación lle pode dar ó alcalde potestade para designar un membro, tamén lle da a potestade para crear unha comisión, e que lles parece moito máis democrático que a elección dunha persoa se realice coa participación de tódolos grupos municipais.

Sinala o Sr. Alcalde que para ser absolutamente democráticos, poderían chamar aos cinco mil veciños de Outeiro de Rei para que as decisións municipais se tomaran por acordo de todos, pero iso non sería funcional. Precisamente para que exista esa funcionalidade, a lei lle outorga unhas competencias ó pleno, outras á xunta de goberno e outras ó Alcalde. Non acepta que se considere menos democrática a decisión que tome un alcalde dun concello que a que se tome no pleno dese concello.

Afirma o Sr. Pardo Lombao, en resposta á intervención do voceiro do BNG, que a gardería non podería estar funcionando xa, posto que aínda non se recibiu a urbanización do terreo no que se sitúa. Nin sequera ten tódalas dotacións que necesita porque a Xunta non subvencionou ó concello.

Continua dicindo que cando gobernaba o PP na Xunta de Galicia non existía ningún consorcio que obrigara aos concellos a adherirse, existía unha liña de subvencións para todos, que se repartían segundo a dispoñibilidade económica, como se fai agora. Pero o que acontece na actualidade é que os concellos que están adheridos ó consorcio, a inmensa maioría, non teñen axudas. Pasa o mesmo coa lei de dependencia, na que os dependentes están atendidos nas súas casas polos seus familiares, non habendo financiación nin xestión por parte da Xunta.

En relación coa lingua galega, o Sr. Alcalde di que o Sr. Arcadio, que o coñece dende fai tempo, sabe que fala o galego dende sempre e que nalgũa época lle obrigaron a falar o castelán, polo que non vai a permitir que agora lle obriguen a falar o galego, nin a él nin aos seus fillos. Engade que non ten complexo co galego senón coas imposicións das administracións, e non vai a permitir que obriguen aos seus fillos ou netos a estudar en galego, xa que na Constitución española di que existen dous idiomas oficiais. Pensa o Sr. Pardo Lombao que o que defenda un so dos dous idiomas estará facendo o mesmo que fixo Franco.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Engade que non tódolos pais están de acordo con que os seus fillos estuden e falen en galego polo que ese é un motivo suficiente para non adherirse ó consorcio. Por outra parte está o tema económico, que habería que estudar.

O Sr. Alcalde opina que o que pretende o consorcio é dirixir todo o sistema en Galicia, pero que os concellos paguen o 30% e non decidan nada. Algo co que tampouco están de acordo.

Recórdalles o Sr. Pardo Lombao aos concelleiros dos grupos da oposición que aínda non nomearon a un membro para comisión que se vai a crear.

Toma a palabra o Voceiro do BNG e nomea a D^a Dulce María Neira Fraga. A continuación o voceiro do PSdG-PSOE nomea a D^a Vitoria Fernández Vigo para representar o seu grupo municipal.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Rematadas as obras de construción do edificio da escola infantil municipal, e estando a piques de rematares as obras de urbanización do polígono residencial no que se ubica, en cumprimento dos artigos 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 97, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, convén analizar a conveniencia da prestación do servizo, así como a modalidade de prestación e o seu réxime xurídico e económico.

Advírtese que a prestación do servizo de escola infantil no Concello de Outeiro de Rei, incide, sobor a poboación municipal, nun dobre aspecto:

- O exercizo do dereito fundamental de educación.
- A protección social da familia mediante a prestación dun servizo que facilite á conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.

Un dos dereitos fundamentais da persoa, recoñecido expresamente polo artigo 27 da Constitución Española, é *o dereito á educación*. Como indica o texto constitucional, a educación terá por obxecto o pleno desenrolo da personalidade humana no respecto dos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

O exercizo deste dereito e, correlativamente, a posibilidade ds actuacións administrativas encamiñadas a garantir a súa prestación efectiva, iníciase dende o mesmo momento do nacemento.

O eido temporal do exercizo do dereito e a súa vertente publicista da actividade prestacional, recóllese na Lei Orgánica de Educación, que no seu artigo 13º, establece a descrición do alcance do servizo educacional de educación infantil en base a consecución dunha serie de obxetivos (coñecemento do corpo, do entorno familiar,



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

natural e social, autonomía nas actividades habituais, desenvolvemento das habilidades educativas...) e en base a súa estruturación en dous ciclos, que abrangan dende os cero aos tres anos e dende os tres aos seis anos de idade.

Esta modalidade de exercizo do dereito de educación non ten a consideración de obrigatoria, e a súa prestación pode realizarse tanto por persoas privadas como públicas.

Ademais da vertente educativa do establecemento e prestación do servizo de educación infantil, as novas demandas sociais, xuridas como consecuencia da masiva incorporación da muller ao mundo laboral e a compartición de roles domésticos no seo das familias, esixen a adopción de medidas que permitan *a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras*.

En efecto, a constitución española, baixo o inuído de Principios rectores da vida política, social e económica, no seu Título I, capítulo III, artigo 39, di que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

Engade o artigo 53.3 do texto constitucional, que o recoñecemento, respecto e a protección dos principios recoñecidos no capítulo III informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

Esta previsión constitucional ten o seu desenvolvemento legal a través das diferentes normas que, no eido das súas respectivas competencias, aprobaron o Estado e as Comunidades Autónomas. Así, xunto a Lei estatal 39/1999, de 5 de novembro (B.O.E. 6-11-1999), para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, as diferentes comunidades autónomas aprobaron numerosos textos normativos que precisan o alcance deste principio.

A comunidade autónoma de Galicia, no seu Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, establece o marco normativo básico que rexerán os servizos de educación infantil, concebido dende esta dobre vertente: como servizo de educación, e como servizo de conciliación da vida familiar e laboral.

É neste marco normativo regulador do dereito da educación e da conciliación da vida familiar e laboral, no que o Concello de Outeiro de Rei pretende iniciar a prestación do servizo de educación infantil, ampliando a oferta dos servizos dos que se poden beneficiar os habitantes do termo municipal, e colaborando, deste xeito, a consecución das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Concluindo, en cumprimento dos artigos 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 97, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 309 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- Iniciar o procedemento de municipalización do servizo municipal de educación infantil en réxime de concesión administrativa.
- Nomear unha comisión especial de estudo, para a redacción da memoria técnica, social e xurídica, coa seguinte composición:
 - _ O presidente da comisión, que será o da corporación.
 - _ Catro membros da corporación: Dona Sandra Abeledo Sánchez, Don Serafín Vázquez Arias, e un concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais da oposición.
 - _ O Secretario da Corporación, en calidade de asesor xurídico da corporación.
 - _ O Interventor municipal, en calidade de informante en materia de tarifas e prezos.
 - _ O Arquitecto Municipal.
 - _ Un licenciado en educación infantil, designado polo Alcalde da Corporación.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con 6 votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, 2 en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e 3 abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

6.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

D. José Pardo Lombao, expón o contido da seguinte proposta de delegación de competencias do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local:

“De acordo co disposto no Artigo 22 da Lei 7/85, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Alcalde propón ó Pleno da Coporación a delegación na Xunta de Goberno Local, das seguintes competencias plenarias:

- A adopción dos acordos de competencia plenaria no exercizo da potestade expropiatoria.
- O establecemento e modificación de prezos públicos.”

A continuación, D. Miguel Ángel López Varela, en representación do grupo do PSdG-PSOE, sinala que a xunta de goberno xa posúe competencias suficientes e os



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

plenos da corporación teñen xa pouco contido como para que exista unha delegación máis das súas competencias na Xunta de Goberno.

Toma a palabra o voceiro do BNG, D. Arcadio Lombao Román, afirmando que tampouco están a favor da proposta, xa que pensan que cada vez se van quitando máis competencias ó Pleno, e de seguir así chegará o momento en que practicamente non teña ningunha, o cal non lles parece lóxico.

Opina o Sr. Alcalde que o pleno ten suficientes competencias xa que teñen, como mínimo, un pleno cada dous meses e, normalmente, dura unhas tres horas. Se non tivera competencias duraría cinco minutos. Sinala que esta delegación de competencias so se propón coa finalidade de axilizar e ser máis operativos.

O Sr. Pardo Lombao non considera que se fagan delegacións moi a miúdo, e sinala que so se delegaron competencias na toma de posesión da Corporación e no primeiro Pleno da organización. Opina que as delegacións son necesarias para o axeitado funcionamento dunha administración.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta transcrita.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con 6 votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e 5 en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais da oposición.

7.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE DELEGACIÓN ESPECÍFICA

A instancias do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario da Corporación Municipal pon de manifesto o contido dos decretos de delegación específica de data de 27 de marzo de 2008 e 5 de maio de 2008.

8.-MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE

MOCIÓN RELATIVA A UBICACIÓN DOS CONTENEDORES NALGUNHAS ESTRADAS DO CONCELLO

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 23 de xuño de 2008, número de rexistro 1313, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

A situación actual da ubicación dos contenedores nalgunhas estradas do Concello conlevan un grave perigo para a circulación.

Tendo en conta que algúns están ubicados a beira da rúa e nalgúns cruces onde o nivel de circulación é elevado, dificultando a visibilidade a os conductores, entrañando un grave risco para a seguridade dos veciños.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO :

A realización de bases de formigón, donde se poidan anclar os contenedores en zoas libres de visibilidade.

En Outeiro de Rei a 21 de Xuño do 2008

*Asdo.: Miguel Angel López Varela
Voceiro do PSdeG-PSOE”*

Trala exposición e defensa da moción polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela, toma a palabra o sr. Alcalde, e sinala que esta moción refírese a obras que se están facendo ou que se van a facer nun futuro, a medida que as posibilidades económicas o vaian permitindo.

Engade o Sr. Pardo Lombao que non van a apoiar esta moción, xa que a colocación de todas esas bases e amarres é economicamente inviable para o concello debido ó elevado número de contenedores. Para poder realizalo habería que deixar de lado outro tipo de servizos máis prioritarios. A aprobación desta moción sería enganar aos cidadáns e iso e algo que non van a facer nunca. Iranse construído pouco a pouco, dándolle prioridade ás zonas de alto risco.

Intervén o voceiro do BNG, preguntándolle ó grupo municipal do PSdG-PSOE, se realizaron algún tipo de estudo económico para determinar o custe desas obras, xa que unha boa proposta sería a de colocar contenedores soterrados nas urbanizacións, pero non están seguros de que economicamente sexa posible facelo.

Responde o voceiro do PSdG-PSOE que fixeron unha estimación do gasto que podía supoñer para o concello a realización das bases de formigón, e creen que en sitios



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

puntuais, como as zonas de máis perigo, o gasto si que é posible por parte do concello. Sinala ademais, que non se trata de facer tódalas bases de formigón de golpe, senón simplemente nos lugares de maior tránsito e, polo tanto, de maior perigo.

Insiste o Sr. Alcalde que xa ten previsto que se realicen nalgúns puntos concretos, e sinala que o concello podería asumir esa inversión, pero detraendo de outras que consideran máis prioritarias.

Pon de manifesto, a continuación, que os cartos que gastan é dos veciños polo que hai que administralo ben para que se destine ás necesidades máis prioritarias. Non considera que facer bases xeralizadas en todo o concello e soterrar os contenedores sexa o máis prioritario neste momento, xa que ten un custo moi elevado.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

MOCIÓN PARA A COLOCACIÓN DE PUNTOS DE AUGA DE USO PÚBLICO EN TODAS AS PARROQUIAS

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 23 de xuño de 2008, número de rexistro 1314, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

A situación na que se atopan as parroquias do noso Concello, en relación con puntos de auga de consumo público e moi deficitaria.

A inmesa maioría das parroquias atópanse sin un punto de consumo de auga, para usos comúns de tódolos veciños.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

ACORDO :

A realización de puntos de auga de uso público en todas as parroquias.

En Outeiro de Rei a 21 de Xuño do 2008

*Asdo.: Miguel Angel López Varela
Voceiro do PSdeG-PSOE”*

Trala defensa da moción exposta polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela, toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que nunha boa parte das parroquias existen puntos de auga de consumo público. Exceptuando 3 parroquias, todas teñen un edificio público con abastecemento de auga, que se foi conectando a medida que foi chegando a rede, xa que non hai que esquecer que se rematou de materializar un proxecto mediante o cal se levou a traída de auga a unhas doce ou trece parroquias.

Sinala o Sr. Pardo Lombao que nalgunha parroquia aínda non foi materialmente posible realizar as conexións, pero, aínda así, esta moción está practicamente cumprida, polo cal non ten ningún obxecto. Pode existir algún caso puntual, como son esas parroquias que non teñen un centro social, que se irá corrixindo no prazo máis breve posible.

Toma a palabra don Miguel Ángel López Varela, expresando que para eles un punto de auga de uso público, é aquel ó que pode acceder todo o mundo, non considerando polo tanto os centros sociais como puntos de uso público, xa que non todos os cidadáns acceden a eles.

Respóndelle o Sr. Alcalde sinalando que existen puntos de auga exteriores en varias parroquias en función do que os veciños demandaron en cada caso. Di o Sr. Pardo Lombao que hai que ter en conta que un punto de auga no exterior ten que ter un control por parte dos veciños, xa que se corre o risco de que un grifo quede aberto varios días sen que o vexa ningún veciño, posto que non nos encontramos nunha cidade, senón en aldeas.

De tódolos xeitos, en todas aquelas parroquias nas que os veciños o demanden e se responsabilicen, colocarse un punto de auga no exterior, posto que o custe é insignificante.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

MOCIÓN RELATIVA A SITUACIÓN DEFICITARIA DALGUNHAS VÍAS DE COMUNICACIÓN

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 24 de xuño de 2008, número de rexistro 1354, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN :

A situación actual na que se atopan as vías de comunicación no noso Concello, en moitos casos e deficitaria.

O camiño que vai dende o cruceiro de Arcos ata o Camiño Real, así como o camiño que comunica dende a estrada Arcos-Cornide na súa coordenada UTM (621352, 4775353) ata o propio Camiño Real, atópanse parcialmente asfaltados, pero non rematados, sendo estes unhas das vías de comunicación que podería usar moita xente para acceder dende a parroquia de Arcos e San Felix de Paz ata a poboación de Castro Ribeiras do Lea.

O estado do firme, nas zoas non asfaltadas e practicamente intransitable, habendo gran cantidade de baches , conlevando un grave perigo para a circulación.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO :

A continuación e terminación do asfaltado dos citados camiños, co fin de restablecer a normalidade do tráfico rodado.

En Outeiro de Rei a 22 de xuño do 2008

*Asdo.: Miguel Angel López Varela
Voceiro do PSdeG-PSOE*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE en defensa da moción.

A continuación, intervén o voceiro do grupo municipal do BNG para pedir unha aclaración da situación dos camiños ós que se refire o Sr. Miguel Ángel López Varela. Aclarada a dúbida, fai uso da palabra o Sr. Alcalde anunciando que non apoiarán a moción.

O Sr. Pardo Lombao mostra a súa sorpresa polo feito de que o voceiro do PSdG-PSOE presente unha moción para a mellora de dous camiños en Arcos. A continuación, afirma que nesa zona existe unha estrada asfaltada ata tódalas casas existentes neses barrios. Sinala que un dos camiños ós que se refire Sr. Miguel Ángel López Varela, o que pasa por xunto a casa do Poledo, non se encontra asfaltado, pero pode circularse por el con un turismo sen ningún problema.

A pista que pasa por xunto a casa do Emeterio, que se atopa intransitable, é debido a que os propietarios de esa zona, durante o inverno, sacaron madeira deixando o camiño en moi mal estado. Como non quere esixirlle responsabilidades aos veciños que venderon esa madeira, o que pretendeu facer o Sr. Alcalde é deixalo estar ata que chegase o bo tempo e, no momento en que o Concello dispoña da motoniveladora, posto que se comparte con tres concellos, se repare ese camiño para que volva a estar en boas condicións.

Manifesta don José Pardo Lombao que, loxicamente o mellor sería asfaltalos, pero a prioridade do concello é, en primeiro lugar, levar a tódalas vivendas unha vía asfaltada, obxectivo que aínda non se logrou totalmente.

Engade, dirixíndose aos dous grupos municipais da oposición, que esta problemática resolveríase facilmente se axilizasen a concentración parcelaria na Xunta de Galicia, para poder ter unhas vías de comunicación en mellores condicións. Aínda así, pensa o Sr. Alcalde que as vías de comunicación deste concello son comparables coas de calquera outro concello limítrofe. Continúa dicindo que non é a súa misión nin a do seu grupo de goberno criticar a outros concellos, pero tamén ten que dicir, que propostas realizadas polo PSdG-PSOE neste concello, despois non as cumpre noutros concellos nos que goberna.

Insiste o Sr. Alcalde que as administracións teñen que acatar as súas responsabilidades. Poñendo como exemplo os puntos de luz, afirma don José Pardo Lombao que non se lle deixa sen poñer o punto de luz a ningún concelleiro ou simpatizante do BNG ou PSdG-PSOE, polo que a Xunta non debería facer o mesmo cos concellos de outro “color”.

Pon de manifesto, a continuación, que se lle mandou á Xunta, fai case catro anos, un programa firmado por máis do 95% dos veciños dunha zona moi importante do concello para facer a concentración parcelaria, coa modificación das vías de comunicación que iso conleva, e non foi tramitada. Engade que iso resolvería tódolos problemas deste tipo.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Aínda así, pensa que as vías de comunicación do concello son das mellores que existen no entorno e que o caso que presentan na moción, é a consecuencia de un ou máis veciños que deterioraron o camiño durante o inverno. A reparación do mesmo farase no verán, posto que facela no inverno multiplicaría considerablemente o custe da mesma.

Considera o Sr. Alcalde que, aínda que conecte cunha estrada, a pista á que se refiren, é simplemente o camiño de unhas fincas, polo que considera máis prioritario levar a estrada asfaltada ata as casas de tódolos veciños, sendo iso o que vai facer en primeiro lugar.

Por esta razón non van apoiar a moción presentada polo PSdG-PSOE, non querendo dicir con iso que non queren asfaltar as citadas vías, lembrando o sr. Alcalde, que xa foron criticados por non saber facer outra cousa que asfaltar camiños.

Fai uso da palabra don Miguel Ángel López Varela sinalando que non están aquí para compararse con outros concellos e que existen, por exemplo na montaña de Lugo, concellos, gobernados tanto polo PSOE como polo PP, coa rede viaria totalmente asfaltada.

O sr. Pardo Lombao pídlle a don Miguel que lle diga o nome dun so concello onde a rede viaria estea completamente asfaltada, xa que lle gustaría velo.

Respóndelle o sr. Concelleiro do PSdG-PSOE que non están aí para facer comparacións, que eles consideran que os camiños dos que están a falar se encontran intransitables e pensan que, debido as obras existentes na estrada de Outeiro de Rei a Castro Ribeiras de Lea, serían unha vía de comunicación alternativa bastante boa. Aclara tamén que non se trata dun capricho persoal, polo feito de ser de Arcos, e que se o Alcalde considera que eses camiños son transitables, que llo explique aos veciños. Informa tamén de que non van a retirar a moción.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG en relación ó comentario feito polo Alcalde sobre a administración da Xunta en canto a concentración parcelaria. Di o Sr. Arcadio que a Xunta neste momento está levando a cabo a concentración parcelaria que se comezou fai trinta ou corenta anos e que non foron capaces de rematar. Non entende porque agora ó concello de Outeiro de Rei lle entra a presa coa concentración parcelaria se en vinte anos non se fixo case ningunha.

Fixéronse todas as que os veciños pediron, responde o Sr. Alcalde, e se algunha concentración non se rematou dende fai corenta anos non é, dende logo, de Outeiro de Rei. Engade que daquela tiñan menor número de peticións por parte dos propietarios e aínda así, se fixeron e están rematadas.

Non esixe que as concentracións comezadas pola Xunta estean rematadas, xa que iso é imposible neste momento, pero si esixe que se dean pasos e se traballe para que, nun futuro, os gandeiros e propietarios teñan a posibilidade de ter o seu terreo concentrado, posto que esa é a base para o desenrolo da agricultura e a gandería.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

En resposta á intervención do concelleiro do PSdG-PSOE, di o Sr. Alcalde que se non había alternativa á estrada Outeiro - Castro, deberían de ter tomado medidas na Xunta para solucionarlas, posto que son as estradas do concello as que están soportando esas alternativas quedando bastante deterioradas. Dille ó sr. Concelleiro que non pretenda que un camiño de terra sexa a alternativa á dita estrada, aínda que polo grave deterioro que ten agora mesmo, ata podería ser unha boa alternativa o camiño intransitable do que faláron anteriormente. Opina o sr. Pardo Lombao que aínda estando en obras, debería manterse en mellores condicións, tendo que preocuparse diso a Consellería de Obras Públicas, posto que é a súa obrigaición.

A continuación, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

MOCIÓN PARA A LIMPEZA E DESBROCE DA VEXETACIÓN DA ZONA PRÓXIMA AS CUNETAS

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 24 de xuño de 2008, número de rexistro 1355, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

Dada a situación actual na que se atopan as cunetas no noso Concello, e debido as recentes choivas, a vexetación na beira das estradas, chega en moitos lugares a invadir as mesmas e a zona de circulación, impedido en moitos casos a visibilidade e conlevando un perigo tanto para a circulación e os veciños que transiten por elas.

Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO :



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A limpeza e desbroce da vexetación da zona próxima as cunetas, así como o arranxo destas.

En Outeiro de Rei a 21 de Xuño do 2008

*Asdo.: Miguel Angel López Varela
Voceiro do PSdeG-PSOE”*

Trala exposición e defensa da moción polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela, toma a palabra o sr. Alcalde, e sinala que esta moción, de novo, se refire ó que xa están levando a cabo, posto que levan anos desbrozando as cunetas dúas veces ó ano. Ademais, este ano dispoñen do dobre de maquinaria da que tiñan o ano anterior e catro veces máis da que tiñan fai cinco anos.

Continua dicindo o Sr. Alcalde que se podería pedir, por exemplo, que se desbroce cada semana na primavera, pero iso suporía un custo demasiado elevado. Sinala ademais, que actualmente se está a facer un ciclo de desbroce por tódalas parroquias do concello.

Informa, polo tanto de que non van a apoiar a moción, xa que sería apoiar algo que xa están facendo e que levan realizando dende fai anos, polo cal a moción non ten sentido.

Respóndelle o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE sinalando que se dispón do dobre de maquinaria, non entende porqué en algunhas parroquias a maleza supera en altura das sinais, non sabe ata que punto esa maquinaria está ben xestionada.

Continua dicindo que acabamos de pasar un período de choivas no que a maleza medrou considerablemente e existen puntos non que consideran que se debería desbrozar. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se de aquí a final de ano se compromete a desbrozar as 27 parroquias do concello.

Responde don José Pardo Lombao que si, e seguramente máis dunha vez en algunha delas. Engade que ese non é un compromiso que execute agora, senón que xa o leva facendo moito tempo. Dille ó sr. Concelleiro que non confunda as estradas da Deputación coas do concello posto que, das primeiras hai algunha que non se desbrozou ningunha vez.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

Polo sr. Secretario dáse lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 1200, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN E DULCE NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Diante da alarma social xerada pola suspensión da actividade da Promotora Clelia que deixou no Concello de Outeiro de Rei, dúas urbanizacións (Salete 3 e Triacqua) sen rematar, legalizar e entregar aos seus novos propietarios, presentamos as seguintes

PREGUNTAS:

- 1. Ten o Concello de Outeiro de Rei información do estado de execución das urbanizacións Salete 3 e Triacqua actualmente paralizadas?.*
- 2. Contan estas urbanizacións cos permisos e os avales necesarios para executar e rematar o Concello as obras se a empresa Clelia non recupera a actividade?.*
- 3. Ten o Concello de Outeiro de Rei algún proxecto ou actuación propia en execución ou pendente de executar relacionado con estas obras?.*
- 4. Ten previsto esa Alcaldía solicitar dos Servizos Técnicos e da Secretaría do Concello un informe Técnico Xurídico para coñecer a situación real e legal destas dúas urbanizacións?.*
- 5. Cando está previsto que se retiren os postes de enerxía eléctrica das rúas da urbanización Triacqua?.*
- 6. Que medidas pensa adoptar esa Alcaldía para informar, aclarar e buscar unha saída a este grave problema, que afecta aos compradores das citadas vivendas e aos intereses e a imaxe do Concello de Outeiro de Rei?.*

Outeiro de Rei, 12 de xuño de 2008”

- 1.- Responde o Sr. Alcalde que si ten información.
- 2.- Puntualiza o Sr. Pardo Lombao que entre O Salete III e Triacqua hai unha diferenza moi grande. No Salete III falta facer a Recepción definitiva das obras pero



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

consideran que xa están rematadas. No caso de Triacqua, a urbanización conta con tódolos permisos pero as obras aínda están sen rematar. Engade que O Salete III non precisa ningún aval, posto que están rematadas as obras, e Triaqua ten un aval, que non é do 100%, polo tanto, non chega para rematala.

3.- Responde o Sr. Alcalde que en relación co Salete III non, posto que as obras se consideran rematadas a falta dun informe definitivo. No caso de Triacqua si que existe un proxecto de execución das obras.

4.- Sinala o Sr. Pardo Lombao que a Alcaldía non precisa dun informe técnico-xurídico posto que xa coñece a situación das dúas urbanizacións

5.- Responde o Sr. Alcalde que a retirada dos postes de enerxía eléctrica é unha parte máis dentro da urbanización, así como a pavimentación da rúa. Cando se remate a urbanización, di o Sr. Pardo Lombao que, por suposto, estarán retirados.

6.- Expón don José Pardo Lombao que o Concello xa tomou medidas sobre este tema, primeiro, facéndolle un requirimento á empresa Clelia no seu momento, para rematar as obras unha vez extinguido o prazo das mesmas; segundo, pedindo uns informes técnicos para valorar as obras. Estes informes técnicos foron transmitidos a todos aqueles propietarios que estiveron presentes nunha asemblea convocada informalmente pola alcaldía.

No momento en que a empresa constructora non cumpre as licencias outorgadas polo concello, este toma as medidas oportunas, ó ver que a empresa non responde, o Concello convoca aos propietarios para decidir a vía que se vai a seguir para rematar a urbanización en caso de que a constructora non o faga. Quere deixar claro, o Sr. Alcalde que as medidas necesarias tomaranse cando os propietarios o demanden e seguirán a dirección que eles ou a súa maioría decidan, sen impoñer nada por parte do Concello aínda que teña a potestade para facelo.

Non está de acordo o Sr. Pardo Lombao cando se di que este problema deteriora a imaxe do Concello, posto que na actualidade existen moitas situacións coma esta no país, e pensa que neste caso o Concello tomou tódalas medidas oportunas.

Polo sr. Secretario dáse lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE con número de rexistro de entrada 1412, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 9º da Orde do Día do Pleno da data:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

1ª- ¿ Ten constancia o Sr. Alcalde, do estado no que se atopa o parque situado na urbanización O Salete III ?.

2ª- ¿ E consciente O Sr. Alcalde no estado no que se vai atopar, o Cementerio Municipal, o remate das obras do Polígono Industrial ? ¿ Que previsións ten de cara a elo ?.

3ª- ¿ Cal é o motivo de que se lle queira aplicar a normativa actual, a urbanización do Salete I para dar as Licencias de primeira utilización,? ¿ Por que non se lle aplica a normativa vixente no momento de execución das obras?

4ª- ¿ Podería decir o Sr. Alcade cales son as Urbanizacións que non están recollidas por parte do Concello?.

5ª-¿ Solicitou os avales legais o Concello, no proxecto de urbanización de Triacua ? ¿ En base a que orzamento se calcularon os avales que se pediron para o proxecto de Urbanización de Triacua?.¿ Podería explicar o custo da obra que queda por rematar e a cantidade da que se dispón en avales?

En Outeiro de Rei a 27 de Xuño de 2008

Asdo: Miguel Angel López Varela”

1.- Responde o Sr. Alcalde que si ten constancia e cree que se atopa en condicións normais e aceptables

2.- Pensa o Sr. Pardo Lombao que logo de rematar as obras do polígono industrial, o cemiterio municipal quedará en mellores condicións das que se encontraba antes, xa que vai a ter unha rúa de acceso, máis espazo ó redor para aparcamento, etc.

3.- Pensa o Sr. Alcalde que cando lle fan preguntas desta índole ou se ignora totalmente a lei, ou se quere enganar e confundir a alguén. A lei non se aplica caprichosamente por parte de ninguén, está aí, e ás administracións so lles queda aplicala.

4.- Responde o Sr. Alcalde que esas urbanizacións son Salete II, Salete III e Santa Isabel, das que xa están rematadas, quedando Triacua e Palloza que están en construción polo que aínda van tardar en recollerse.

5.- Di o Sr. Alcalde que dispoñen un aval que no seu momento se considerou conforme a legalidade. Engade que o custo da obra é difícil de explicar posto que teñen un informe de 1 millón de euros mentres que os veciños teñen outro de 350.000 euros.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Para estar seguros é necesaria a redacción dun proxecto, ou engadir no proxecto antigo as partes que faltan e aplicarlle prezos de mercado.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE

Polo sr. Secretario dáse lectura en viva voz do texto do rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 27 de xuño de 2008, e do seguinte teor literal:

Polo sr. Secretario dáse lectura en viva voz do texto do rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 27 de xuño de 2008, e número de rexistro de entrada 1411, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como ROGO o Equipo de Goberno , con relación o punto 9º da Orde do Día do Pleno da data:

Levamos observamos que o Concello da un paso adiante pola redución do gasto de papel na entrega das actas dos plenos, usando unha base informática de almacenamento de datos do tipo diskette, que xa está practicamente en desuso.

Polo anteriormente dito, ROGO o Goberno Municipal, que no caso de que se pretenda usar unha base informática para a entrega das actas dos plenos, se faga en unha de uso mais actual, por exemplo en CD.

En Outeiro de Rei a 27 de Xuño de 2008

Asdo: Miguel Angel López Varela”

O Sr. Alcalde manifesta a súa sorpresa debido a que os concelleiros, que sempre lle piden diálogo e entendemento, presentan este tipo de rogos por escrito ao pleno. Afirmar que, por suposto, están no seu pleno dereito e dentro da legalidade, pero se simplemente lle tiveran comentado ó sr. Secretario que prefiren un CD en lugar de un disquete, o día seguinte disporían del sen ningún tipo de problema.

Polo sr. Secretario dáse lectura en viva voz do texto do rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 27 de xuño de 2008, e número de rexistro de entrada 1413, do seguinte teor literal:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como ROGO o Equipo de Goberno , con relación o punto 9º da Orde do Día do Pleno da data:

Debido a cantidade de documentación que as veces se leva ao Pleno, en relación a Rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o espazo de dous días no que se deixa a información dos Grupos Municipais para a súa consulta, parécenos insuficiente.

Polo anteriormente dito, ROGO o Goberno Municipal, que a documentación referida a este punto da orde do día, esté a disposición dos Grupos municipais polo menos unha semana antes do Pleno, co fin de que de tempo a estudala con detalle.

*En Outeiro de Rei a 27 de Xuño de 2008
Asdo: Miguel Angel López Varela”*

En canto ó segundo e último rogo, o sr. Alcalde opina que tampouco lle parece necesario levar ese tema ao pleno, xa que o poderían falar con él directamente. Estalle dando desta forma a ocasión de dicirlle que ten pouca capacidade de análise para ver as cousas en dous días. Engade que, noutras ocasións, se ten comprometido con outros grupos políticos para convocar os plenos con máis antelación, pero, neste caso, se lle presentan esa cuestión por esta vía, a súa resposta será que teñen que aumentar a súa capacidade de síntese.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as quince horas e trinta e catro minutos, da que eu Secretario, estendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Alcalde,

O Secretario,